

ESTABLECER INDICADORES PARA A ACTIVIDADE DE FORMACIÓN



A hora de deseñar un proxecto educativo temos que ter en conta a avaliación, proceso moi importante e imprescindible para saber que estamos no bo camiño, para medir si acadamos os obxectivos e mesmo como parte formativa do propio proxecto.

Avaliaremos observando ou medindo indicadores, que serán definidos dende o primeiro momento. Os indicadores serven para ver si acadamos os obxectivos marcados e teñen que ser concretos e obxectivos.



Os indicadores deben ser:				
específicos	medibles	avaliables	realistas	temporalizados
Pódense definir en catro niveis:				
satisfacción	aprendizaxe	transferencia	impacto	



A dificultade para medir ou valorar os indicadores aumenta nesos catro niveis, facéndose case imposible medir o impacto dunha medida, a menos que se avalíe a longo prazo. Aínda así, debemos ter indicadores de impacto ou cando menos, de transferencia, xa que nos axudan a definir a meta final do noso proxecto así como “a non perder o norte”.

Para especificar ben os indicadores e sobre todo medilos, hai que establecer e detallar (sen ambigüidades) **que se mide, como se mide e cando se mide.**

INDICADORES	OBXECTIVO	INDICADOR	CRITERIO DE ACEPTACIÓN	INSTRUMENTO OU TÉCNICA	TEMPORALIZACIÓN
	Que pretendemos? Que queremos cambiar?	En que nos imos fixar para comprobar que o estamos Conseguido?	Establecemos un nivel mínimo para saber se o conseguimos?	Como imos recoller a Información?	Que prazos establecemos?
SATISFACCIÓN					
APRENDIZAXE					
TRANSFERENCIA					
IMPACTO					